



ADDENDA PARA A PRÓRROGA DO CONVENIO, ASINADO O 13 DE MARZO DE 2025, ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS GALEGOS DE CATALUÑA (AEGA-CAT) PARA O FOMENTO DA COOPERACIÓN ENTRE EMPRESARIOS DE ORIXE GALEGA DE CATALUÑA E EMPRESARIOS GALEGOS DE GALICIA

REUNIDOS

Dunha parte, Covadonga Toca Carús en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en adiante, Igape), co NIF Q6550010J e domicilio social en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de directora xeral. Está facultada para este acto en virtude da delegación de facultades recollida na Resolución do 17 de outubro de 2023 (DOG núm. 203, do 25 de outubro de 2023).

E doutra, Amancio López Seijas, con DNI *****, en nome e representación da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS GALEGOS DE CATALUÑA (en adiante, AEGA-CAT), constituída en Barcelona o 23 de novembro de 1989, inscrita no Registre d'Associacions de la Generalitat de Catalunya, baixo o nº 12.468, CIF nº G59347880, con enderezo Rúa Provença, 281, 2º 2ª, Barcelona, na súa calidade de presidente.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio e para estes efectos,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que o Igape e AEGA-CAT asinaron o 13 de marzo de 2025 un convenio de colaboración co fin de promover a cooperación entre empresarios e profesionais de Galicia e empresarios socios da Asociación de Empresarios Galegos de Cataluña.

SEGUNDO.- Que son obxectivos fundamentais deste convenio a información e detección de oportunidades de negocio entre os seus membros e asociados, o establecemento de alianzas comerciais, tecnolóxicas e profesionais, así como a realización de investimentos individuais ou conxuntos en Galicia.

TERCEIRO.- Que a realización das accións da AEGA-CAT representa un importante valor tanto para as institucións galegas como para as empresas galegas que poidan beneficiarse. As ditas accións están encamiñadas, entre outras, a incrementar as relacións entre os empresarios asociados a AEGA-CAT e o Igape e, en xeral, a Xunta de Galicia. As distintas accións buscarán favorecer os contactos, promover acordos de colaboración que contribúan a facilitar posibles investimentos en Galicia así como a que empresas galegas incrementen as súas redes comerciais e presenza en Cataluña.

CUARTO.- Que na cláusula oitava o convenio prevé a posibilidade dunha prórroga por un ano adicional, ata o 30 de decembro de 2026, previo acordo das partes. O 28 de outubro de 2025 tivo entrada a solicitude de prórroga do convenio asinada polo presidente da AEGA-CAT.

Por todo o exposto, e con esta finalidade, as partes acordan formalizar a presente addenda de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Modifícase a cláusula terceira do convenio (Financiamento) nos termos que seguen:



- I. Substituír o cadro das accións a executar por parte de AEGA-CAT polo que se incorpora no anexo I desta addenda.
- II. O orzamento total estimado para anualidade 2026 será de trinta mil catrocentos euros (30.400,00 €) IVE non engadido.
- III. O Igape financiará a contía de vinte mil euros (20.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2026.
- IV. A AEGACAT achegará dez mil catrocentos euros (10.400,00 €) cos que cofinanciará as actividades recollidas no anexo I.

SEGUNDA.- Modifícase a cláusula quinta do convenio (*Xustificación e pagamento*) nos seguintes termos:

1. O prazo de presentación da solicitude de cobramento no Igape comezará o día seguinte á finalización das accións indicadas na cláusula primeira e rematará o 1 de decembro de 2026.

TERCEIRA.- Modifícase a cláusula oitava do convenio (*Vixencia e causas de resolución*) nos seguintes termos:

Prorrógase a vixencia do convenio ata o 30 de decembro de 2026.

CUARTA.- Declárase expresamente a vixencia do restante contido e clausulado do convenio asinado o 13 de marzo de 2025, o cal manterá a súa plena validez nos termos en que fora redactado, sendo de aplicación igualmente a presente addenda.

E en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda o 31 de decembro de 2025.

Polo **IGAPE,**

Pola **AEGA-CAT,**

Covadonga Toca Carús
A directora xeral

Amancio López Seijas
O presidente



ANEXO I PROPOSTA DE ACCIÓNS PARA O ANO 2026

Don/Dona con DNI en nome e representación da entidade
..... con número de identificación fiscal

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que a entidade a que represento ten planificado levar a cabo, o amparo do presente Convenio, as seguintes accións o longo de 2026:

Nome acción	Descrición acción	Custo total estimado realización acción
Encontros AEGA-CAT	Reunións mensuais en restaurantes integrados en AEGACAT co obxectivo de crear sinerxías entre empresas e impulsar o seu desenvolvemento. Realízanse unha media de sete encontros anuais, por un importe aproximado de 1.500 euros cada un. A cada un deles vai unha personalidade invitada dos ámbitos empresarial, cultural, financeiro ou administrativo, que desenvolve un tema de actualidade. A súa intervención finaliza cun coloquio entre todos os asistentes.	12.000 euros (sen I.V.E.)
Publicación Feitos. Produción	Revista anual das actividades, servizos e produtos das empresas galegas, tanto integradas en AEGACAT como externas. Canle promocional á disposición das empresas. Nesta fase inclúese a redacción, maquetación, elaboración de artigos, etc. En resumo todo o relacionado coa preparación da revista. No seu contido, como contraprestación para o Igape, incorpórase unha reportaxe de tres páxinas ou 1 ou 2 páxinas de publicidade sobre un tema elixido polo Igape.	1.000 euros (sen I.V.E.)
Tardeos Culturais	Os Tardeos Culturais AEGACAT son unha das novidades do programa de actividades da asociación. Son citas de ámbito cultural y asociativo que buscan ofrecer unha experiencia lúdica e distendida, nun horario de tarde. Faranse entre tres e catro ao ano.	2.400 euros (sen I.V.E.)
Evento institucional anual	Evento institucional no que se entregan os Títulos de Excelencia Galega e ao que acoden representantes dos Gobernos Galego, Catalán e Español. Nesta xornada faise visible todo o potencial de AEGACAT e trabállase para aumentar o número de asociados e contactos útiles para o colectivo. No marco da Cea de Gala celébrase a cerimonia de entrega dos Títulos de Excelencia Galega que, instituídos por AEGACAT en 2005, recoñecen a traxectoria persoal e profesional de quen contribúe ao desenvolvemento e ao coñecemento de Galicia no exterior. A presenza de representantes de empresas de todos os ámbitos e das Administracións Públicas significan un apoio fundamental á hora de ratificar a importancia e o protagonismo do empresariado galego neste evento. Nos gastos de produción do mesmo inclúense, entre outros, o alugueiro da sala, material audiovisual, promoción, desenvolvemento da imaxe corporativa, etc. Réúne a uns 300 comensais e celébrase, xeralmente, na primeira semana de xullo.	15.000 euros (sen I.V.E.)
Encontro Xunta e Igape	Realización dun encontro cos empresarios de AEGACAT, a Xunta de Galicia e o Igape, para acercar e fomentar as relacións entre todos e o maior coñecemento das institucións galegas. Teñen un importe aproximado de 1.500 euros cada un.	2.000 euros (sen I.V.E.)

En, a de de

Asdo.: